



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE MARZO DE 2011.-**

<p><b>SRES. Asistentes</b> <b>Sr. ALCALDE:</b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <b>SRES. CONCELEIROS:</b> D<sup>a</sup> María Victoria Montenegro Paz. D. Francisco García Prego. D. José Salvador Ferreiro Montenegro. D<sup>a</sup> Ana María Fernández Coira. D. José Manuel Cendán Fernández. D<sup>a</sup> Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D<sup>a</sup> Josefina Martínez Martínez. D. Luis Cendán Fernández. D. Francisco Echevarría Lage. D. Manuel Rodríguez Doval. D<sup>a</sup> Belen Abeal Pérez. <b>Sr. Secretariol:</b> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e sete minutos do día trinta e un de marzo de dous mil once, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### **PUNTO 1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DIA 29 DE XULLO DE 2010.-**

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación a acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 29 de xullo de 2011.

### **PUNTO 2º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO UNICO DE FERROL, PROCEDIMENTO ORDINARIO 102/2009.**

Dada conta da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo único de Ferrol, Procedemento Ordinario núm. 102/2009, na que se dicta o seguinte **FALLO**:

“ Debo estimar parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad KONKRETO 2000 S.L., contra las resoluciones del Concello de Ares de fechas 13-3-2009, 1-4-2009 y 23-4-2009, anulando parcialmente la primera de las resoluciones en el sentido de declarar caducado el procedimiento de reposición de la legalidad urbanística confirmando el resto de acuerdos contenidos en dicha resolución, y confirmando asimismo las otras dos resoluciones impugnadas en las que se acuerda la suspensión de las obras realizadas al margen de la licencia urbanística concedida, sin expresa condena en costas.”

O Concello Pleno dase por enterado.



**PUNTO 3º.- AUTO XULGADO DO MERCANTIL NÚM. 2. DE A CORUÑA. TRANSACCIÓN XUDICIAL.**

Dase conta do Auto do Xulgado do Mercantil núm. 2 de A Coruña Transacción Xudicial coa seguinte **PARTE DISPOSITIVA:**

“ Se HOMOLOGA LA TRANSACCIÓN JUDICIAL acordada entre la demandante, SOC. GENERAL DE AUTORES Y EDITORES y la parte demandada, CONCELLO DE ARES, en los términos expuestos en los antecedentes de esta resolución, que en este lugar se dan por reproducidos.

Se declara finalizado el presente proceso”.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO 4º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO UNICO DE FERROL PROCEDEMENTO ORDINARIO 314/2009.**

Dase conta da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo Unico de Ferrol procedemento Ordinario 314/2009, na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Debo desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad PROINGA SERVICIOS DE INGENIERA S.L. contra la desestimación por silencio administrativo de la solicitud formulada en fecha 13-04-2009, sobre pago de facturas actuación administrativa que confirmamos por considerarla ajustada a derecho, sin expresa condena de costas.”

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO 5º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO UNICO DE FERROL PROCEDEMENTO ABREVIADO 0042/2008.**

Dada conta da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo Unico de Ferrol, procedemento abreviado 0042/2008, na que se dicta o seguinte **FALLO:**

“ Que con estimación parcial de las pretensiones deducidas en el presente recurso contencioso-administrativo, debe declarar y declaro la disconformidad a Derecho de la resolución recurrida, que, por tanto, debo anular, y ellos a los solos efectos de este recurso y la presente resolución sin prejuzgar cuestiones de propiedad que las partes en su caso deberán hacer valer ante la jurisdicción competente. Así mismo, debo desestimar y desestimo el recurso en el resto de pedimentos. Sin expresa condena respecto de las costas procesales.”

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO 6º.- APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDIO DETALLE PROMAR-ORZAN S.L.**



Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: O outro día a Comisión correspondente, mellor dito á Xunta de Voceiros, é evidente que na fase previa de aprobación nin a Comisión de Urbanismo nin o Pleno tivo ningún tipo de información o respecto, nos a primeira información que tivemos acerca deste Estudio de Detalle foi cando apareceu publicado nos medios de comunicación a efecto de alegacións polo tanto digamos que na fase previa o conxunto dos grupos políticos polo menos o noso non tivemos información, dentro da Comisión de Urbanismo nin dentro tampouco do Pleno porque foi aprobado inicialmente según parece pola Xunta de Goberno evidentemente nos xa temos dito aquí quero repetilo hoxe porque foi un debate que tivemos cando se tramitaron as modificacións puntuais as normas subsidiarias que o transfondo de toda esta situación que estamos vivindo dentro destes catro anos con respecto a Estudos de Detalle, Modificacións Puntuais ten un telon de fondo que é non disponer dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que naturalmente resolva este tipo de cuestións e temos que estar a golpe de cuestións concretas resolvendo algo que tería que estar solventado con carácter xenerico. A nos non nos gusta que o urbanismo de Ares se defina por solucións específicas e concretas cando estaríamos falando dos intereses xerais non é lóxico que despois ó final tiñamos un conxunto de decisións con iniciativas particulares que estén condicionando alineacións etc., etc., que naturalmente van a ter unha repercusión no ámbito xeral, polo tanto aquí do que estamos a falar é da carencia dun instrumento en condicións, dun instrumento necesario e ademáis urxente, loxicamente para desenvolver o urbanismo de Ares que sería o Plan Xeral, desde ese punto de vista nos o que non podemos asumir e toda esta sucesión este rosario de Modificacións Puntuais e Estudos de Detalle que como digo despois ó final condicionan unha situación xeral pero que é debido a non dispor dese instrumento global que sería o Plan de Ordenación Municipal, nos temos moitas dúbidas a respecto da proposta que fai esta promotora, a primeira delas que temos parte do final do Informe do Sr. Secretario con data 13 de xaneiro de 2011 que dice, leo textualmente “suliñar que polo peticionario con data 18 de decembro de 2010 aportouse a Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia núm. 4 de Ferrol correspondente o xuício verbal 153/2010 para unir ó expediente de proxecto de compensación cando nesta Secretaria non consta expediente algún de proxecto de compensación en dito ámbito a nome de PROMAR ORZAN S.L., e claro indo xa máis ó fondo de todo isto ten unha historia, porque cando no ano 2004 se prestaba aprobación a unha proposta que presentaba UNION ATALAYA S.L. que foi a constructora do edificio que queda para entendernos aquel edificio que tiña unha farola dentro, que queda na Avda. de Redes pois efectivamente nos xa votamos en contra, hai que ir as hemerotecas, e ver a información para darse de conta que daquela nos meteron un gol porque efectivamente os promotores conseguiron unha ocupación do 100% da parcela a costa de cedernos aquela pequena terriña que estaba pegada, practicamente lindando con a A Ponte da Cascada, todo isto efectivamente ten unha historia e estamos hoxe aquí efectivamente na segunda parte desta historia e estamos aquí diante de Moficacións Puntuais que evidentemente van a beneficiar a promotores de carácter privado contra os cales non temos nada efectivamente sempre que se cumpra a Lei, parecenos grave e remato que a coletilla do informe do Sr.



Secretario remate precisamente desta maneira porque eu creo que se o Sr. Secretario deste Concello non lle consta o expediente de compensación por parte desta promotora eso sería unha razón fundamental básica e ademáis de forte calado para que este punto se deixe enriba da mesa e loxicamente se estudio a ver que esta pasando con eso, xa sería o colmo que nos estén pedindo un segundo favor cando resulta que a primeira parte do convenio que se fixo no seu momento nin siquera o cumpriron porque non se fixo o expediente de compensación, nese sentido nos pedimos que ese punto quede sobre a mesa que se elabore un informe máis pormenorizado a respecto desta situación, non o que hai que xa o entendemos, xa entendemos cal é o proceso para facer un Estudio de Detalle pero o que si queremos sabe se os promotores dese Estudio de Detalle cumpriron os seus deberes e polo tanto se é de recibo esta nova proposta que fan, que non soamente se ataña a lei, senón que teña certo grado de equidade e de xustiza que efectivamente hai que cumprir polas dúas partes. Vamos a pedir que o asunto quede sobre a mesa e no caso que se manteña a votación sobre o asunto a nosa posición vai a ser contraria.

Interven o voceiro de NAL SR. Luis Cendán: Manifestando que simplemente o que quere engadir e que este tema estase abordando con certa historia encanto as denuncias que houbo no seu día con respecto a esa edificación en concreto, eu creo que esto se esta quitando de quicio e ademáis eso como ben dí o voceiro do BNG e verdade que cando se lle deu a licencia coa ocupación do 100% eso houbo unha contraprestación, eso o marcaba a Lei e o marcaba o Plan Xeral a parcela valorouse polos técnicos me parece que eran quince millóns, ademáis era unha parcela que o Concello estaba a pagar un aluguer e en contraprestación deso daselle a licencia co 100% de ocupación pero eso é legalmente e ademáis a alineación que se fixo demagogia no seu día polo tema da farola que quedaba dentro a alineación era a que marcaba o proxecto a alineación esta ahí é a que é e eso e legal a todas luces. Manifestando finalmente que a súa posición é favorable e dado a situación que temos agora en Ares é a única fórmula que hai.

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán, manifestando en primer lugar que na documentación existe un erro, poque pon alineacións e rasantes e Curbeiro Caamouco, pensei que estábamos a falar do Estudio de Detalle da irmán de Manel. Bueno creo que xa se debateu bastante que está bastante claro, pero tamen quero deixar claro que cando se fixo o convenio coa promotora a parte de que eses terreos nos tiñamos que expropialos para o Paseo Marítimo e incorporalos ós espacios públicos para cumprir o Plan de Urbanismo que nese momento estaba no Xulgado e ó final caeu, para cumprir cos espacios verdes, ese era un dos motivos polo que o Plan Xeral podía caer, dicir que hai nos non fixemos nada que había un informe realizado polo Aparellador Municipal que estaba valorado en trinta mil euros e o que levou o diñeiro foi o propietario da terra que o concello no tivo nada que ver xa que se quedou coa parcela, eso se podía monetorizar e pagar a parcela, pero como tiñamos necesidade imperiosa da parcela para incorporar a alameda máis para intentar no recurso de casación que habíamos feito polo Plan Xeral, incrementar os espacios verdes porque ese era



un motivo a parte de dous camiños, que se alegaba na Sentenza de tirar o Plan Xeral abaixo, nos intentamos volver a facer medición da parcela e poder facer o Plan Xeral con esas incorporacións, isto é un Estudio de Detalle para alineacións e rasantes, si é verdade que non hai Plan Xeral pero si Normas Subsidiarias, a Licencia é un dereito reglado, e todo o mundo ten dereito, a situación e unha responsabilidade por parte do equipo de goberno máis, esa é a realidade e non nos queda máis remedio que votar a favor.

Interven o Sr. Secretario: A miña referencia no informe, PROMAR ORZAN S.L. pide o Estudio de Detalle o 22 de novembro de 2010 e o 19 de decembro de 2010 presenta unha instancia que di: “adjunta sentencia juicio verbal 153/2010 sobre a constitución de servidume de andamiaxe para a demolición de pared”, eso non nos afecta, e a partir de hai solicita se otorgue o solicitado, unilo o noso expediente de proxecto de compensación neste Concello. E que non hai proxecto de compensación, outra cousa e que no seu día efectivamente houbo un convenio onde comprou unha parcela no Parque Rosalía de Castro, agora o que é proxecto de compensación como unidade non hai, non sei porque poñen eso.

Interven novamente o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, eu simplemente dicir que se rescatan as cousas a efectos de clarificar todo ten a súa historia entonces, quero dicir que se non fora a bondade entre comillas do Concello de Ares ese edificio non estaba construído porque non cumpría, entonces leo o apartado número 9 do informe do Técnico Municipal de data 22 de xuño de 2004 di: “sendo así o número total de prazas de garaxe na finca de 935 m<sup>2</sup> e de 29 unidades, polo que sae unha media de unha praza por cada 27,82 m<sup>2</sup>. De superficie construída na planta sotano. Si so ocupase o 60% que é o que lle permitía a lei serían 561 m<sup>2</sup> de superficie e polo tanto 20 prazas de garaxe, número inferior ó establecido no PXOM, e dicir non cumpría, e despois a perla podíamos supoñer que na parcela a entregar se poden construír prazas de garaxe no subsoló polo que mantendo a mesma proporción estaríamos en 14 prazas sendo a diferenza de 5 prazas a favor do Concello, claro cun tema que empeza así hai que andar con moftísimo ollo, é o único que estou dicindo para preservar os intereses da xente, e esto empezou desta maneira, o único que dixen é que eu quero que se rescate para saber si estes señores cumpriron, porque era evidente que ninguén podía creer, o técnico municipal que escribiu esto quedoulle a cabeza aliviada tamén, dicir que se podían facer 14 prazas de garaxe debaixo pegado a Ponte da Cascada, meu Deus querido, e así estamos, nos por eso conectamos un tema con outro, porque a nos interesanos que se clarifique se esta empresa finalmente cumpriu, eu quero saber o nivel de cumprimento desta promotora é unha cuestión de sentido común.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que o que se trae aquí é un Estudio de Detalle de alineacións e rasantes, se están quitando as cousas fora de contexto, a urbanización que hai ó lado se ten ou non licenza de primeira ocupación eso o ten que asinar un técnico, ten que ir a mirar alí e se cumpre se lle da e senón cumpre non se lle da, e o responsable que vai a mirar a obra é o que o ten que dicir se cumpre ou non cumpre, ninguén



vai a dar unha licenza de primeira ocupación co informe desfavorable do técnico. Pero que salla da tua boca esto e que os demais teñamos que calar cando non temos nada ningún lastre encima, que podemos andar tranquilos, de que non dimos ningunha licenza, nin temos ningún expediente de un tribunal superior de demolición de varios edificios, dada por vtde. Que teña que escoitar esto eu me parece que é moi grave cando eu non teño ningún e vostede ten dous enriba, ten unha en Cervas e outra no cruce de Chanteiro me parece moi lamentable que vostede nos veña a dar aquí dogma de fe de urbanismo, me parece lamentable, vostedes deron licenza ilegal e hai dúas sentenzas ahí, e vostede os dúas únicas sentenzas firmes de derribo de edificios as ten vostede, e me parece lamentable que veña vostede aquí tirandolle merda os demais, e unha licenza a deu vostede unilateralmente cando estaba de Alcalde, eso non o vou a consentir porque xa me canso. Porque eu cando entrei de Alcalde tuven que poñer orde no Urbanismo Municipal e o primeiro foi abrir expediente contra o Técnico Municipal e expediéntalo e votalo, e ese marrón me tocou a mín non lle tocu a vostedes, e non vou a consentir, pido un pouco que estamos xogando con cousas serias non andar enmerdando esto porque non debemos facelo.

O Concello Pleno acorda dexialo asunto sobre a Mesa e que pase novamente a Comisión.

#### **PUNTO 7º.- CONTA XERAL 2008.**

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que estamos diante do documento máis importante que hai nunha administración local, que é o rendemento da Conta Xeral porque en elo se inclue toda a política recollida durante todo o exercicio, polo tanto estamos falando desde o punto de vista da fiscalización e control por parte da Corporación o goberno, polo tanto de ahí a importancia do documento. Si ben e verdade que esta Conta Xeral no seu día foi rechazada pola maioría do Pleno en antes na Comisión Informativa cando foi a debate ou a exposición da presentación da Conta Xeral por parte do Sr. Secretario-Interventor se nos decía que era un trámite ordinario que aínda que non se aprobara ia ó Tribunal de Contas, parece ser que a modificación da Lei obriga agora a aprobala, senón o Concello non vai a percibir ningún tipo de subvención, non sei se tamen lle afecta ós Fondos do Estado, ou incluso as subvencións da Xunta, eu en verdade que en función á modificación da lei eu xa o comentaba o outro día fora da Comisión estamos ante un sistema novo de moito calado político para as Administracións Locais porque esto ben a poñer en cuestión á hora de executar por parte dun Goberno Municipal a responsabilidade que ten en executar as políticas unilateralmente, polo tanto estamos nun proceso, eu creo o meu entender que estamos nunha situación diferente a partir de agora, coa aprobación desta Lei porque si isto é así como parece ser que sí, que si non se aproba a Conta Xeral vamos a quedar excluídos da aportación de Fondos do Estado e as subvencións da Xunta e Deputación, eu creo que isto é un tema para estudar a fondo, eu creo que debería de ir a Comisión buscarlle unha solución, porque eu creo que isto para futuras Corporacións esta situación marca un novo horizonte político porque nos estamos a xogar





moito e sobre todo cando os ingresos das Corporacións Locais a situación actual na que nos atopamos e a que é, que os ingresos desgraciadamente están baixando os servicios hai que dalos e non faltaría máis aínda encima que nos minoraran as subvencións ou os Fondos do Estado, polo tanto eu creo que este é un tema moi importante Alcalde, o trouxeches a Comisión esta Conta Xeral eu votei que non por coherencia, eu vou a seguir mantendo independentemente a dificultade que exista o mesmo posicionamento que tiven, responsabilidade túa, eu entendo que debíamos de negociar esto máis profundamente, porque esta é unha situación ó meu entender xa digo moi seria e non quería por outra cousa perxudicar os intereses de o Concello, eu me imaxino que todos os que estamos aquí que formamos parte da Corporación creo que non queremos que en futuras Corporacións por exemplo para a próxima anualidade ou esta concretamente que os ingresos queden mermados polo tanto Alcalde, eu creo que este é un tema moi serio debemos de lévalo a Comisión falar ou a unha Xunta de Voceiros e mirar como se vai a solucionar esto, eu creo que deixar este petate á Corporación entrante, eu creo que non e xusto.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que non entende certas postuas, que considera absurdo que os orzamentos teñan apoio para sair aprobados, e que cando se traen as contas de cómo se gastaron estes presuposto non teña os apoios. Se busca unha posición coherente, se un grupo lle da o seu apoio a aprobación dos orzamentos logo por coherencia debería aprobar as contas.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval: Eu non sei si somos pequenos, medianos ou enormes, a veces parecemos moi grandes e logo somos pequeniños. Efectivamente sólo o 32,7 % de contas, esta falando do 2009, que presentaron a rendición de contas do 2009 sólo o 32,7 %. Nos podemos imaxinar un escenario onde o resto dos Concellos deixen de ter aportacións do estado e da Xunta de Galicia, Non, Non. Supoño que o Consello de contas e o Conselleiro Maior, Sr Luciano Fariña, se soubera que o impacto do Decreto 2/2011, esra así non diría isto. Entón para aclarar o tema vamos ao que día lei, e a Lei dí isto, e xa podemos entrara en debate. A Resolución do Concello de Contas non fai mención á Lei 2/2011, Alcalde, non, estou no uso da palabra eu. Eu rogo que non se me interrompa porque o enriquecemento cada un o entén ao seu xeito. Ben, artigo 36 da Lei de economía sostible di: artigo 1, no suposto de que as EELL incumran a obriga de remitir ao Ministerio de Economía a obriga de remitir a liquidación do orzamento de cada exercicio e ata que se produza a citada remisión o importe das entregas mensuais a conta na participación dos tributos que corresponda se reterá. E o que nos dí o papel do consello de contas nin fai, o que me fai dubidar, e o consello téndoo tan claro eu non sei como non nos dín artigo 36 LES, e se vostedes non aproban esto, deixand e percibir estes cratos e esto non o leo por ningures. O informe do Consello de conats fai referencia ao DL 2/2004 cunha interpretación que é deles, eu discrepo deso: “Ao abeiro do artigo 45 do Regulamento de Réxime do interior do



Consello de Galicia, comunicaselle que a documentación recibida ten a cualificación de conta xeral non rendida. Qué é rendir unha conta, Ah. Según o consello de Contas, bueno pois o primeiro que quería saber e si o resto das contas que se mandaron e que as calificaron igual, as consideraron como non rendidas, porque a min me constan e teño datos, e lamento non poder traído aquí doutros concellos, que a renderon sen os votos, e non se considerou como conta non rendida. A conta está rendida, non. A min que me escriban aquí, ten a cualificación de conta non rendida, tiña que decir que o trámite non é válido porque non ten a maioría da Corporación. Ata ahí chego eu. Me extrañan dúas cousas, que non se faga referencia ao impago,. Este papel do Consello que ten data de febreiro e tiña que falar desa historia e non está falando e 2º, esto de decir que nos non rendimos contas, concho, outra cousa é que o grupo de gobernó conseguirá os votos e xa estamos no problema político e lle teño que dar a razón ao voceiro do NAL, onde non tes votos tes que buscalos e si un grupo de goberno ten un problema e este se dimensiona coas características que aquí se están falando hai que vir aquí, na procura de acordos, e hai que obter a maioría necesaria, non sei si se fixo ou non, non só temos que vir aquí a lamentar e ver tamén si nos o fixemos ben. Alcalde, aquí non coincidimos, son dúas visións, de feito lle vou decir, o noso grupo que lle deu aprobación ao orzamento do ano 2009 e logo cando foi a aprobación da conta xeral nos abstuvemos e o dixemos por qué e tiña unha explicación, que vostede non gastou tal e como disponía o presuposto e que a facultade de gastar a ten o grupo de goberno e nós, ahí non estamos. E o facultamos para gastar unhas partidas e gastou de máis e noutras non gastou nada como aquí recoñeceu. Nós o facultamos nun docuemto para gastar e bastante fixemos. Sí coincido en que a filosofía da Lei é que se rindan conats e vista a dimensión que ten o tema eu supoño que o Sr secretario pode acudir ao servizo de asistencia a municipios ou á Xunta para que clarifique e ver o impacto dese artigo 36, e que estamos nun proceso de revolución nos Concelos e sería irresponsable non falar deso. Eu estou en contra xa o digo, nós non aprobamos esa lei, e para rematar, nós Alcalde nos abstuvemos na aprobación da Conta Xeral 2009 e vamos seguir a mesma posición, que é a da abstención”

Intervén o Concelleiro Sr Manuel Cendán, voceiro do PP: “Cando do Alcalde se fixeron manifestacións, nós no orzamento do 2008 nos abstuvimos, logo cando veu a execución do orzamento e variaba considerablemente do que tíñamos dado o visto bueno e tomamos a decisión porque vimos que non había responsabilidade e votamos non á Conta Xeral 2008, esa é a verdadeira situación, e on foi un sí ao orzamento e nos abstuvimos e logo vimos bastantes variacións con respecto ao documento inicial. Eu podo coincidir nalgunhas cousas, cero que é bastante lamentable, e xa o explicaron os anteriores voceiros e a situación dos voceiros é esa e non se cumpre a lei, pois o fin da lei non pode ser a bancarrota da administración local, e creo que haberá que darle unha vota, asesorarnos ben e tomar unha decisión e a tomamos. De momento vamos seguir mantendo a postura inicial.”





Intervén o Alcalde-Presidente:

“Eu non sei cómo valorades as xuntas de voceiros, que se convocan 20 ao ano para dar participación son para evr qué traemos ao Pleno, e se non estades de acordo, pois non se traen estes asuntos e non perdemos tempo traendo a Pleno asuntos que non contan cos votos necesarios. O debate é estéril porque por certo xa debatimos coa conta xeral do 2008 e os orzamentos e efectivamente sen xuntas de voceiros non hai participación e teño a sensación que estas xuntas de voceiros non sirven de nada e non veño a perder nin a que gañedes, é absurdo. Alcalde, neste punto non tedes apoios, e listo, non ven. Por favor nas Xuntas de voceiros haced pública a vosa posición porque entón eu o tema non o traio a Pleno, porque non ten sentido. Ou decides Alcalde, non vais air pero lévaos a Pleno igual porque queremos debatir. Nas Xuntas de voceiros poñades de manifestó a posición sobre os puntos porque acordamos entre todos traer a Pleno o que tiña votos. E o dixemos dende o inicio, o que tiña 7 votos, ben o grupo de gobernó, co BNG, co NAL ou co PP ou con Kiko, o que sae é o que debemos facer. Se non vais air non entendo por qué o traemos a Pleno, e outra cousa é o punto anterior, o punto anterior saía porque NAL votaba a favor. Eu tiña dúbidas, e tiña votos para sair pero este que o falamos en xunta de voceiros, se ninguén vai cambiar a opinión, para qué ven a Pleno.”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán:” Aquí hai unha cuestión, é lamentable a parálise da administración. No fondo da lei non se pode valorar esto. Entón a min non me custa nada se nos temos que abster nos abstemos porque a situación do Concello non a vamos pagar, por isto, pero o que está claro e que haberá que contrastar se por parte de falar co Consello de Contas e expliquen ben. Eu coincido co BNG, e igual temos que traer unha Moción, a traemos e dar caña con este tema.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu falei co Conselleiro, non co Maior, e a Conta é non rendida, non é rendida e non aprobada, entón nós temos unha resolución asinada, e me dixo vete ao Contencioso, se consideras que é rendida e non aprobada vai ao Contencioso, pero ese é o criterio do Consello de Conats, ese é o drama que nos xera, ir a un contencioso e dicir que é non rendida, porque isto é unha resolución. O secretario fronte a esta resolución dí, temos un problema, aprobade a Conta, aprobades op orzamento e habilidades a posibilidade de gastar pero non se pode sair do orzamento, que é unha habilitación. Se votas a habilitación de gasto, vale, logo efectivamente non gastas todo, ou unas partidas efectivamente non as executas, pero e que o orzamento é unha habilitación, hai que mirar os conceptos, para o grupo de gobernó, non se vota un documnto que o grupo de gobernó ten que aprobar á forza, non é unha Lei, define un marco, agora qué lle vamos facer, o orzamento se executa e se non se aproba teremos un serio problema, está claro.”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: ”O orzamento ten unha normativa a seguir, eso ten un marco xurídico que hai que seguir, se aproba polo pleno, exposición pública, alegacións, etc, e está aprobado. Para que se leva ao Consello de Contas, para que o fiscalice, o ten que facer, pero se pasou tódolos trámites hai que fiscalízalo. Vostede aprobou isto, e logo fixo isto, e aquilo, ben ou mal.

Non lle vexo o sentido común a isto, non llo vexo. Só vexo que é así, a ver si se incumpríu algo e se hai irregularidades, pois así. Ningún concelleiro aquí é experto, non sabemos destos e hai que ver si cumpre ou non”



Intervén o Alcalde-Presidente: “A Conta Xeral é a que é, un documento pechado e non se pode negociar nada, está executada, e non hai nada que negociar, e unha vez feito esto, logo da habilitación do gasto, un grupo non se pode abster e facilitar a aprobación e evitarle ao Concello de Ares danos que están ahí, nos quitamos o marronazo este de enriba, conta rendida e non pasa nada. E o que se abstenga ou vote a favor, que diga o fago por Ares, polos intereses dos vecinos, non se fai para respaldar ao grupo de goberno, é unha costume sair do paso e pido que un grupo de abstenga e de a facilidade ao grupo de goberno que é rendir contas e leva beneficios. A Lei de economía sostenible, vaille dar moita importancia a esto e vai ser necesario para todo en tódalas consellerías, non tedes que asumir ningunha responsabilidade, non hai nada que negociar sobre unha conta, está gastada, eu pediría que sometamos a aprobación a Conta Xeral e que algún grupo de abstenga para facilitar a rendición e nos quitamos este agobio de enriba. É unha situación pantanosa, moi complicada. A reacción é mellor tela agora que cando teñamos o problema enriba, non perxudica a ninguén. Na explicación do voto se dice polo que é, e facilite a aprobación da conta xeral.

Eu creo que os términos están debatidos, se trata de votar, por favor.”

Intervén o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Que non entedemos aquí co tema das xuntas de voceiros, e algún expediente das cousas que van a Pleno, non van, e son para o que son e non son para adiantar cousas”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Te teño que interrompir porque dís que estou mentindo, e dixemos que o que non tiña apoios non viña a Pleno”

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Cómo íamos chegar a un acordo na Xunta de voceiros do que ten que adoptar o Pleno, unha cousa é que aos Plenos se chegue con consenso cando se coñecen os temas, cómo vamos votar a cegas. Non estou falando da Conta Xeral, ben, non estou falando deso, Alcalde, eu a primeira noticia do estudio de Detalle foi na xunta de voceiros en un minuto non podemos acadar unha posición, hai xente capaz diso e moito máis eu non. A min o que non me guste é que nse dramaticen posición, afirmando cousas que son medias verdades, non me interrompan. A miña pregunta é a seguinte, as Corporacións que non teñan, lle leo o informe do Secretario, cando aquelas incumpran a obriga de remitir a liquidación, non pon cos votos favorables da maioría da corporación e como teño dúbidas e parvo non son, e me parece ben que quera aprobala así, ten que negociar políticamente.

Intervén o Alcalde-Presidente: A súa perspectiva e a miña son diferentes, non o califico. Procedemos en consecuencia á posibilidade de aprobala, Manolo os abstedes vos?

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Vamos ver cómo vai a votación temos dúbidas. Dentro do grupo non o temos claro e mentres non o consultemos ben pois...”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Os pido que na Xunta de voceiros o que non se consensa non se trae a Pleno, eu a envío non aprobada. Se volve a traer ou votar e a vou voltar a remitir, rexeitada por segunda vez”



Toma a palabra o voceiro do PP Sr Manuel Cendán: “Se non estás apurado por eso, estamos a fin de mes.

Sometese o asunto a votación o Pleno do Concello por 5 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 5 votos en contra 4 P.P. e 1 NAL e tres abstencións 2 BNG e 1 Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage. Á vista do empate na votación sometese novamente co mesmo resultado SE considera aprobada co voto de calidade do Sr. Alcalde e gracias á que a corporación quixo, porque neste tema si quería non aprobaba a Conta Xeral, dou as gracias e o agradezo infinitamente, e nos saca dunha encrucillada, e que sexa o que sexa, que se poda pedir, ou non, e xa non nos afecta.

Intervén o voceiro do PP: “Eu teño interés en saber si as cousas son así ou non”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Pois Manolo, é do teu partido, pregúntalle, porque antes era do meu partido e agora... En calquera caso gracias a tódolos voceiros e ao BNG pola súa abstención e fecilitar a todos que puidéramos aprobar a Conta Xeral.”

#### **PUNTO 8º.- APROBACIÓN CRITERIO XERAL CASCO HISTORICO DE REDES.**

Dase conta do informe do técnico municipal de 28 de febreiro de 2011 que figura unido o expediente da presente sesión e o do Secretario Municipal de data 30 de marzo de 2011 que seguidamente se transcribe:

#### **. INFORME DE SECRETARÍA**

***Asunto : Viabilidade da proposta plantexada por Dn. Ángel Bello Alvariño.***

A cuestión plantexada é unha aparente contradicción das NN.OO.SS.MM.PP. dado que as mesmas como principio xeral establecen as alturas máximas en función dos anchos das rúas, e á vista do ancho da rúa de Arriba, corresponderíalle unha altura máxima de B+1. (acordo de aprobación das NN.OO.SS. de Ares pola Comisión Provincial de Urbanismo na sesión do día 4 de decembro de 1978 e as condicións impostas en dito acordo).

Nembargantes o apartado 9.2 das NN.OO.SS.MM.PP. no capítulo IX “Normas de estética” ven a sentar no punto 9.2. “**Alturas limitadas por razones de uniformidad**” :

***A pesar do disposto nas Normas anteriores o Concello poderá definir en máis ou menos as alturas dun novo edificio cando a deste viñese a dañar a uniformidade e composición dun conxunto urbano, digno de conservación.***



No presente caso é de reseñar que non estamos en presenza de contradicións entre as determinacións da memoria, normativa ou ordenanzas das NN.OO.SS.PP. e a documentación gráfica, pois nese caso habería que dar-lle prevalencia segundo reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo ao texto normativo "**debe outorgar-se prevalencia ao texto normativo**" (Sentencia do T.S. de 22 de outubro de 1998, Salga 3ª, Sección 5ª). Poden citar-se as **Sentenzas do Tribunal Supremo de 16 de febreiro de 1993 e 30 de abril de 1998**, nas que se ven a recoller que cando existe contradición entre a Memoria dun Plano Urbanístico e a súa documentación gráfica, debe dar-se prevalencia á primeira, como aplicación da doutrina xeral conforme á cual sempre debe prevalecer o texto normativo do Plano sobre os documentos gráficos do mesmo.

Esta Secretaría entende que non estamos en presenza dunha discrepancia ou contradición entre texto normativo e documento gráfico, sendo de destacar que ao presente caso non lle sería de aplicación o artigo 6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Meio Rural de Galicia que senta a regra de que as dúbidas na interpretación do planeamento urbanístico producidas por imprecisións ou por contradicións entre documentos de igual rango normativo se resolverán tendo en conta os criterios de menor edificabilidade, de maior dotación para espazos e de maior protección ambiental, **por aplicación do principio xeral de interpretación integrada das normas**.

Dada a inadecuación das NN.OO.SS.PP. á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia e Protección do Medio Rural de Galicia, é de aplicación a Disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado", letra b) :

***Ao solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12º.a) da presente lei aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respetar a ordenación establecida no planeamento vixente.***

A Lei 9/2002, de 30 de decembro, establece no Título III "**Normas de aplicación directa**" :

#### **ARTÍCULO 104 Adaptación al ambiente**

Las construcciones e instalaciones habrán de adaptarse al ambiente en que estuviesen emplazadas, y a tal efecto:

a) Las construcciones en lugares inmediatos o que formen parte de un grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico o tradicional deberán armonizar con el mismo. Igualmente cuando, sin existir un conjunto de edificios, hubiera alguno de gran importancia o calidad de los caracteres indicados.

b) En los lugares de paisaje abierto o natural, sea rural o marítimo o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la ubicación, masa o altura de las construcciones, muros y cierres, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia del mismo o limiten o impidan la contemplación del conjunto.



c) La tipología de las construcciones habrá de ser congruente con las características del entorno y los materiales empleados para la renovación y acabado de fachadas y cubiertas de las edificaciones y los cierres de parcelas habrán de armonizar con el paisaje en que vayan a emplazarse.

d) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, emplazamiento o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.

e) Las construcciones deberán presentar todos sus parámetros exteriores y cubiertas totalmente terminados, con empleo en los muros de las formas y materiales que menor impacto produzcan así como de los colores tradicionales en la zona o, en todo caso, los que favorezcan en mejor medida la integración en el entorno inmediato y en el paisaje.

f) En las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como inundación, hundimiento, incendio, contaminación, explosión u otros análogos, no se permitirá ninguna construcción, instalación o cualquier otro uso del suelo que sea susceptible de padecer estos riesgos.

### **ARTÍCULO 105 Altura de las edificaciones**

En municipios sin planeamiento general, no podrá edificarse con una altura superior a dos plantas ni sobrepasar los 7 metros de altura medidos desde la rasante del terreno al arranque inferior de la vertiente de cubierta.

### **ARTÍCULO 106 Protección de las vías de circulación**

1. Las construcciones y cierres que se construyan con obra de fábrica, vegetación ornamental u otros elementos permanentes, en zonas no consolidadas por la edificación, tendrán que desplazarse un mínimo de 4 metros del eje de la vía pública a la que den frente, salvo que el instrumento de ordenación establezca una distancia superior.

2. Únicamente se excluye de esta obligación la colocación de mojones y cierres de postes y alambre destinados a delimitar la propiedad rústica.

3. En todo caso, deberá cumplirse lo dispuesto por la legislación sectorial de aplicación.

4. No se podrán realizar obras de construcción de nuevas vías de circulación de vehículos automóviles que no estén previstas en los planes generales u otros instrumentos de planeamiento urbanístico o de ordenación del territorio, sin perjuicio de lo dispuesto en la legislación sectorial de aplicación.

As normas Subsidiarias Municipais son auténticos plans reducidos (S.T.S. 7 de marzo de 1985, Ar. 1.496), desempeñando a función de ser unha alternativa aos Plan Xerais, menos complexos e para municipios con menos problemas urbanísticos (S.T.S. 4 de maio de 1988, Ar. 3.714), aparecendo recollidas na Lei 9/2002 como instrumentos de ordenación, se ben dado o seu limitado contido hoxe en día son residuais e non dan resposta a unha adecuada ordenación urbanística, pois o seu obxecto era moi limitado, pois a súa finalidade é a mera ordenación da evolución espontánea do termo municipal.

Por resolución de 27/09/2010 da Consellería de Cultura e Turismo –Servizo de patrimonio cultural- sobre o citado punto 9.2 das NN.SS.OO.MM. de Ares concluíu :

*Á vista do exposto, a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña acorda informar favorablemente o proxecto presentado, xa que a proposta volumétrica e compositiva das novas edificacións permitirán a súa axeitada incorporación ao tecido tradicional do núcleo de Ares dentro das limitacións de altura derivadas do planeamento vixente, e ben entende que tamén sería posible o aumento da súa altura ata acadar as tres plantas completas tal e como se pretendía no anteprojecto xa autorizado o 12 de febreiro de 2008”.*





O funcionario que subscribe entende que dunha correcta praxis e **por aplicación do principio xeral de interpretación integrada das normas**, a altura xeral en función do ancho da rúa, no presente caso é posible modificala en aplicación do apartado citado 9.2 das NN.SS.OO.MM. sempre que se aplique como criterio xeral e así o demanden razóns de uniformidade, e máis concretamente en función das propostas volumétricas e compositivas das novas edificacións que permitan a súa axeitada incorporación ao tecido tradicional do núcleo de Redes, destacando que aínda cando na resolución de Patrimonio se fai referencia ao núcleo de Ares, debe entenderse un erro material, e se referirá ao núcleo de Redes.

É dicir, o apartado 9.2 das NN.OO.SS.MM. significan unha excepcionalidade ás alturas vinculadas ao ancho da rúa para conxuntos urbanos dignos de conservación nos termos anteriormente descritos.

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime convinte, sendo aconsellabel por razóns de seguridade xurídica insistir na necesaria e urxente tramitación do P.X.O.M, sen que obste que queden estas aparentes contradicións resoltas no caso concreto polo proxecto de modificacións puntuais das NN.SS.OO.MM. de Ares aprobado con carácter provisional na sesión plenaria do día 27 de xaneiro de 2011.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “En Redes, dase unha circunstancia que co PXOM, nas estruturas tradicionais responden a unha tipoloxía de baixo máis dous, no casco urbán e ó anularse o PXOM recuperan vixencia as NNSS e as tipoloxías e alturas, veñen determinadas polo ancho da rúa e se permiten unhas alturas ou outras. O problema é que os anchos das rúas de Redes é desigual; eso arroxa unha posibilidade de baixo + 1, o que non responde á tipoloxía tradicional de Redes e as NNSS permiten a posibilidade de que a Comisión de Goberno que é quen outorga as licenzas, previo dictáme da Comisión de Urbanismo, poda establecer un criterio de ampliar a baixo + 2, onde a tipoloxía tradicional responda a ese criterio, e este é o caso onde se fala e había un caso concreto con informe favorable da Xunta e demandouse establecer esa situación con carácter xeral. Non só co caso plantexado e se trae a Pleno para extender o carácter xeral desta interpretación da norma, que nos permite a ordenación polas NNSS destes intres en vigor. A tal efecto pois ven este punto ao Pleno, para aprobar como criterio xeral no casco histórico de Redes a tipoloxía tradicional de baixo + 2.”

Toma a palabra o Voceiro do NAL: “Nos dixemos sí na comisión inofrmativa e non vamos reproducir o debate, creo que xa hai presentada unha modificación puntual que dí o mesmo e o noso voto será favorable.”

Intervén o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “En coherencia co dito na Comisión e co razoamento que dixemos no estudio de detalle e é que unha norma que non naza dun particular, senón para moitos particulares. Neste sentido na comisión defendimos visto ademáis unha realidade que era así e que para nós é importante e xa tñamos avanzado no PXOM, e sería recuperar no que afecta ao casco antigo de Redes, cousas xa





avanzadas no PXOM. Defendimos que era preferible tállelo aquí e non andar con interpretacións singulares e darlle solución a un tema que non vai ser particular en este caso e agora temos unha petición e haberá máis que van a aliña de rehabilitar como hai que rehabilitar o casco antigo de Redes. Nós vamos a votar a favor desta proposta que homologa posicións para futuros casos, coa coletilla necesaria e precisa que de era necesario e non teríamos que estar aquí se tivéramos un Plan Xeral e para redes un PEPRI, que desenvolverá o proceso de rehabilitación.

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: “Pola nosa parte se aproban as NNSS as modificacións puntuais e van nese senso e nós o que vemos e que esta é a proposta dun particular, e as Modificacións teñen perto dun mes o final e eu espero que se deixe e que veña da Xunta a aprobación definitiva da Xunta e non vaíamos aprobar nós, e logo haber problemas e ter que rectificar. Aínda que aprobemos aquí, ata que non chegue a modificación da Xunta non é nada, e que non se deran licencias ata esta aprobación, nos gardamos as espaldas aínda que se de aquí o visto bo, e pido ao Pleno que agarde un mes e pico para non ter problemas. Creo que está aprobada pola Corporación, volve a vir por unanimidade e está practicamente aprobada pero si pedimos que mentres non veña a Modificación puntual non se de ningunha licenza e salvamos as espaldas, por mes e pico que queda.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “A concesión da licenza non esixe a aprobación da modificación puntual, a licenza coas NNSS é competencia da Comisión de Goberno e interpretar o artigo que di que a pesar do ancho de rúa se pode conceder a altura propia da tipoloxía da zoa e o técnico informou favorablemente esa licenza, de Alfonso, que sen a necesidade da modificación, só coas NNSS non hai dúbida e é favorable. Outra cousa é que ademais estemos facendo unha modificación puntual que pretenda aprobar en Redes un estudo de detalle para todo o casco onde se recolle se dúbida esto. Pero xa coas NNSS dimos a licenza.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia aplicar como criterio xeral a excepcionalidade do apartado 9.2 das Normas de Ordenación Subsidiarias Municipais de Ares no núcleo de Redes atendendo a razón de uniformidade, propostas volumétricas e compositivas das novas edificacións que permitan a súa axeitada incorporación ao tecido tradicional do núcleo de Redes.

#### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

#### **PUNTO 9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.



Toma a palabra o voceiro do NAL: “Ainda que ven para dar conta e non intervir e eu no anterior Pleno dixen que non viñan todas as resolucións”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Falta decembro, se traerán ao vindeiro, co orzamento en Tesourería xa bastante fixeron. Me dixo Carmen que faltaba algunha de novembro e todo decembro, cando as saque as traemos. Eu non lles metín prisa porque estaban co orzamento.

## **PUNTO 10.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POPULAR SOBRE A REESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA FINANCEIRO ESPAÑOL**

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular: “A situación, o ano pasado por parte das entidades financeiras do Estado se quixo reorganizar o sistema e esixir as caixas de aforro unha solvencia e creo que, houbo unhas reaccións por parte da cidadanía e no caso do pobo galego, sindicatos, políticos e sociedade civil que lle deron o visto bon á fusión das caixas e por parte do estado e Banco de España se puxeron unhas condicións e ao mes de aprobarse a fusión por parte do banco de España se cambia esto deixando a Novacaixagalicia en situación de incertidume e por eso traemos nós un punto só a este pleno, para adoptar un acordo:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A REESTRUTURACIÓN DO SISTEMA FINANCEIRO ESPAÑOL**

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Cando as institucións do Estado, promoveron unha reordenación do sistema financeiro español mediante a concentración de entidades, a maioría de Galicia actuou guiada polo interese xeral. As dúas entidades, sindicatos, empresarios e representantes políticos do PP e do BNG traballaron a prol da fusión das caixas galegas.

Logo do esforzó, se obtivo coma resultado unha nova caixa de atorros axeitada ás necesidades de solvencia e galeguidade. Proba délo foi que o propio Banco de España, en novembro do 2010, validaba á fusión destacando literalmente a “*solvencia, rentabilidade e liquidez da nova entidade*”.

Novacaixagalicia estaba desenvolvendo o Plan de Negocio aprobado polo do Banco de España. Sin embargo, pouco máis dun mes máis tarde, o Goberno Central, formulou un novo bandazo normativo ( Decreto Lei 2/2011 de 18 febreiro ) fixando unhas esixencias de capitalización moi superiores ás demandadas pola normativa internacional e contradictorias co Plan de Negocio de Novacaixagalicia que aprobara apenas unhas semanas antes Deste xeito, a Novacaixagalicia primeiro se He obriga a priorizar o saneamento e despois se He penaliza por telo priorizado.

Ademáis, existen serias dúbidas de que o Real Decreto estea a conseguir os resultados anunciados polo Goberno, existindo grave risco dunha maior contracción do crédito en España e tamén en Galicia, como ten anunciado o Banco Central Europeo.

Nambergantes, o PP considera que aínda hai marxe para que Galicia poida contar cunha caixa evolucionada vinculada a un Banco, e para que o Goberno do Estado trate ás Comunidades Autónomas de xeito igualitario.



Por todo elo, o Grupo Municipal Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

ÚNICA: O Pleno do Concello de Ares acorda, dada a reestruturación do mercado financeiro español, instar o Goberno do Estado, a solicitar do regulador:

- Un trato non discriminatorio entre as entidades financeiras, nin pola súa natureza xurídica, nin pola súa procedencia xeográfica.
- Que nas demandas de capitalización solicitadas ás entidades financeiras teña en conta os diferentes graos de saneamento extraordinario efectuados, considerándoo como o verdadeiro sistema de garantías de terceiros.
- Que, sen incrementar o déficit nin a débeda pública, favoreza á mellora da confianza internacional no noso sistema financeiro, reforzando a súa solvencia e facilitando o acceso ó crédito de empresas e familias, utilizando Esquemas de Protección de Activos que permitan a liberación de Activos Ponderados por Risco e acaden unha mellor valoración das entidades que precise captar capital, en especial de NovacaixaGalicia.”

Pedimos un apoio e uniformidade a nivel nacional e que traten ás galegas como as restantes caixas do estado e pedimos apoio a este acordo, visto o esforzo feito polas dúas caixas galegas, cunha importante acción social.”

Toma a palabra o voceiro do NAL: “Non vou transcribir a Moción e estou de acordo coa proposta e cos motivos e os criterios do banco de España e as esixencias de pedir outras cuestións e pedir un banco asociado e inxección de capital privado dun 10%, pero a pesar desto os Medios de Comunicación se fixeron eco e hai unha negociación entre Xunta e Banco de España e creo que saírá unha decisión e que estamos de acordo co fondo da Moción e o voto vai ser favorable.

Intervén o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval “Se esta Moción aparecesca aquí de repente sen etrse producido nestes últimos 15 meses, todo un debate que tivo altos e baixos e posicións que bandearon, e non precisamente polo grupo que fala agora, todos coincidiríamos. O problema é que para nos esta Moción tenta solapar contradiccións que teñen que ver coa fuxida dunha posición inicial do PP de Galicia, que non era no resto do Estado porque a situación era clara e en Galicia tiña un problema porque o problema da Lei de Caixas que foi presentado polo BNG e tivo que ir o Goberno, a remolque da proposta do BNG. Isto ten que dicir que o PP nas condicións que condicionan as caixas non foi independente, o FROP se aprobou con maioría do Goberno e co partido Popular en xuño do 2009 e a reforma normativa posterior foi obxceto de debate con foto e todo, do Sr Zapatero e Rajoy. Polo tanto a reforma financeira que temos é a que sale do FROP e dese acordo político para modificación de todo o sistema bancario español e non podemos óbvalo, e ahí comeza a contradicción porque o texto aprobado no Parlamento Galego, que partía do do BNG, plantexaba moitas contradiccións no que era a filosofía, e se empezaba atopar con problemas xerados dese acordo político a nivel de estado e lle creaba un problema ao presidente Galego, de Pedrafita para arriba era moi crítico pero de Pedrafita para baixo, tiña que calar porque esas decisións viñan do Partido Popular.

Dame a impresión de que estamos nunha situación que de cara a dentro se quere amortiguar esa situación cando xa sabemos que o goberno galego nin recurreu as decisións do goberno do estado e se pode e seguir negociando e eu son partidario de presentar recursos por unha vía e que estes sexan un arma para a negociación. Moitas veces non todo se resolve pola vía institucional, bueno, hai interpretacións e aquí hai o tema da capacidade normativa da Comunidade Autónoma para tomar determinadas



decisión. Eu son dos que digo que o estatuto marca as capacidades que ten o Banco de España, que nin as ten este, as terá o Europeo, nin O Mundial e eu diría que nin eso, senón os que teñen os cartos. E isto vai acabar en que nos veña unha norma e o que se pretende aquí é maquillar unha posición e aquí xa veu a Pleno e se situaba o conxunto do problema, e foi hai un mes, e creo que o goberno galego non foi a defender como debía a caixa galega que desapareceu. Que si as caixas non eran o que eran que on fixeran función do sistema bancario, o erro do ladrillo, etc. Este é o resultado de decisión políticas e xa remato coa nosa inetrvención que vai ser de voto negativo, nos non vamos votar a favor desta proposta porque non dí anda e é un maquillado de cara. Si dende esta coproración temos interés en manter unha banca pública e para que os cartos vaian á acción pública e isto é contradictorio con que vostedes están facendo en Madrid. Eu votaría esto a favor, si o Partido Popular en Madrid votase en contra da reestructuración do sistema bancario, e o problema é que saímos por Pedrafita e nos esquecemos do que se vota en Galicia. Estamos porque se manteña unha caixa e para mantela como a concebimos non era entregándolla ao sistema bancario, ao FROP e ao acordó político co PSOE a nivel de estado que é o que condiciona todo o marco do asunto, podemos ter contradiccións e para min é lícito que se crea que non debe haber caixas de aforro, eu non o comparto, pero que se diga en alto, si sí, ou si non e si sí, hai que defender a caixa. O que non entenden os cidadáns é que hai cinco meses o proxecto de Novacaixagalicia era solvente e agora non o é e os que non son solventes son os organismos e as empresas privadas que son as que determinan a solvencia dos bancos. Según tal organismo, como se dí Manolo Doval, con título de economista e iso qué valor ten, o terá que decir un organismo do Estado. Pero pasou que non se defendeu o proxecto da caixa Galicia dende o parlamento Galego e sí se fixo noutros lugares, e nos vamos votar que non á proposta do Partido Popular.”

Toma a palabra o Portavoz do Partido Popular Sr. Manuel Cendán, manifestando que si non nos centramos, ou non me expliquei ben, eso foi aprobado pola Sociedade Civil, Sindicatos, Partidos de todo tipo ata polo BNG, a Novacaixagalicia cumpriu exstrictamente co que se lle mandou polo Banco de España, se meteu en decembro o Banco de España obriga a vaciar as reservas e encher en saneamento e un mes máis tarde di que o que importa son as reservas e o saneamento da igual e Novacaixagalicia en saneamento mete tres mil coarenta e oito millóns de euros mentres que so recibeu mil cento sesenta e dous do FROP polo que o impacto nas reservas foi importante, se cambiou o sistema cando a Novacaixagalicia se lle dí que ten seguir as instrucións do Banco de España, o mes seguinte se lle cambia e agora esta situación de incertidumbre, eso non quita que as negociacións siguen e que se vai a aprobar, a nivel do Estado o Partido Popular se tuvo que abster, a situación que hai agora no Pais, en Europa e no mundo e o que hai, e non é poñerlle paos as rodas, creo que a situación é a nivel xeral, pero o que se fixo coa Novacaixagalicia non se fixo co resto das caixas se cambia xa non hai o mesmo criterio, pero a nivel nacional e normal que un partido a nivel do estado nunha situación que é a que hai, que hai que adaptarse o mercado mundial europeo, pois que teña que adaptarse non é dicir non porque non, a nos cólleos aquí co pé cambiado porque se cambiaron o criterio despois de decirlle en decembro como ten que facer, o fai, e agora se lle



cambia o criterio, se esta negociando o partido ainda non rematou e se vai a chegar a un acordo, pero vostede non se ampare na abstención do P.P. a nivel nacional porque e normal, un partido responsable na situación que hai e ainda encima de crise, e a situación mundial que hai, e normal que o goberno presente unha situación e si e por ahí pois haberá que ir por ahí, e haberá que modernizar senón non entramos no mercado, nos temos que adaptar a facer reformas e esta é unha reforma que hai que facer do sistema financeiro, hoxe lle tocou ó PSOE e maña lle tocará o outro, pero hai que facelo porque está así o mercado, que pasa que o partido nos colle no xogo, e ainda encima nos cambian o sistema ó mes seguinte esa é a situación, creo que ó final vai haber un acordó porque non ten outra saída que chegar a un acordo, esta saneada cumpreu con todos os obxectivos, esta ahí, é unha referencia na Comunidade, temos que loitar por todos, creo que o Goberno do Estado cederá, se chegará a un acordo, cederán por unha parte e por outra e se chegará a un acordo, onte podemos ver nos informativos a situación na que están as caixas, que se non chegan a un acordo teran que compralas os bancos, é unha situación lamentable en bastantes comunidades por ahí, existente seis ou sete caixas que están á deriva sen rumbo ningún, e creo que a situación nosa que chegamos a un acordo que a temos ahí que é unha referencia e teremos que loitar por ela, e esta proposta de acordo que traemos nos ó Pleno non é máis que un apoio á nova caixa Galicia porque é o referente que temos en Galicia e por eso loitamos todos, non solamente é para as empresas senón para a cidadanía e máis hoxe que estamos en crise, que ningunha entidade financeira a ningún cidadan lle vota a man, e ós Concellos para labor social, eu creo que nos temos que loitar por eso, sabemos como actúan os bancos, os bancos captan pero despois pagar nada de nada, as caixas aparte de que haberá que reflexionar sobre moitas, a Galega algunha reflexión tamén haberá que facer, si se fixeron as cousas mal haberá que reconducilas e modernizalas e levalas adiante, esa é a situación.

O Sr. Alcalde manifesta que nos vamos a votar en contra, porque efectivamente vivimos nunha economía de libre mercado e que non aguante o tiron que tome as medidas que ten que tomar porque o capital non ten bandeira nin ten patria, o capital e internacional e non lle importa nada.

Sometida a Moción o Pleno da Corporación 6 Votos a favor (4 P.P. 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage), e 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda rechazala.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os Voceiros se teñen algunha Moción para someter á consideración do Pleno pola via de Urgencia, non presentase Mocións.



#### **PUNTO 11º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Luis Cendán: Eu quería saber, antes de entrar no Concello vin pasar un coche novo da Policía Local, e quería saber, si é cesión, e compra, se hai contrato, ou hai un expediente aberto ó respecto porque, mi sorpresa foi que o vin pasar, eu non vín ningúna resolución, aquí o Pleno non viu ningunha e quero saber en que situación está.

Resposta o Sr. Alcalde, o vehículo da Policía Local o grande, é un vehículo que consume moísimos, é un bon vehículo substituído o ZX que xa non reunía ningún tipo de condicións, en consecuencia era urxente adquirir un vehículo non só para a Policía senón para protección civil, e adquirimos o que a Dirección Xeral de Administración Local daba, daba eses vehículos grandes, tiña un consumo de gasóleo elevado, e ademais as rodas son moi caras, cada roda dese vehículo creo que son trescentos euros, o vehículo é magnífico porque vas polo rural e non ofrece ningún tipo de problemas e o necesitábamos, pero para un tránsito ordinario e continuo o mantemento é un pouco caro, entón decidimos amortizar ese mantemento adquirindo un vehículo moito máis asequible con menos consumos e con mantemento moito máis barato que atenua un pouco o impacto do mantemento do outro, entón tivemos unha oferta dun vehículo da Policía Local, era un resto que se adquiriu para alguen que non o quixo entón a empresa buscou onde colocalo e ofreceunolo por sete mil euros, entón estivemos valorando porque é un vehículo novo que vale moito máis de sete mil euros, ese vehículo vale moísimos máis, entón negociamos coa empresa do vehículo un leasing con opción de compra, entón nestes momentos está como alquiler cando cheguemos os seis euros é noso, entón os últimos mil euros é opción de compra, pagando a última cuota te fas coa propiedade do coche, pero de momento está en aluguer.

O SR. Rodríguez Doval pregunta se temos novidades a respecto da reunión que se ía solicitar Comunidade Escolar-Concello e Grupos co Conselleiro ou no seu defecto do Delegado Territorial.

Resposta o SR. Alcalde que reiteramos a petición tal e como se acordou naquela reunión, a elevamos efectivamente á Delegación á Xefatura Territorial, e á Consellería non tivemos ningún tipo de contestación, e en consecuencia a comunidade Escolar a reiterou pola súa parte, e tampouco recibiron resposta, entón cando inicie o mes de abril vamos a reiterala porque consideramos que xa pasou un prazo máis que suficiente, e volveremos a reiterala, pero non tivemos ningún tipo de contestación, nin a Comunidade Escolar nin o Concello.

O Sr. Rodríguez Doval, pregunta si sabemos algo acerca do proceso de licitación do Centro de Saúde.





Resposta o SR. Alcalde, que xa fomos citados para a sinatura dunha serie de documentación, eles xa pediron a prórroga do pago do ICIO, e todos os trámites están cumprimentados, sae con outros centros en consecuencia é un proceso de adxudicación pública como todos e xa están cumprimentados tanto os trámites administrativos municipais como os trámites administrativos autonómicos, e efectivamente estamos pendentes, creo que xa saíu, a min e papel ninguén me deu nada, eu asinei todo e lóxicamente me dixeron que saía a licitación conxuntamente con outros entre os que está o de A Capela, o de Serantes xa saíu e eso nos chama a atención, pero parece ser que o de Serantes vai en un BIC, o edificio do Centro de Saúde de Serantes é un Ben de Interés Cultural e ten unha protección de Patrimonio moi elevada, con o que ningunha empresa tivo interés en executar obras nun edificio cunha protección patrimonial elevada, entón era moi problemática a ampliación do Centro de Saúde de Serantes pola protección de patrimonio, entón esa decidiu acométela a Xunta directamente.

O Sr. Rodríguez Doval, pregunta se temos información algunha a respecto da posta en marcha do Centro de Día, se xa foi adxudicado a algunha empresa.

Resposta o Sr. Alcalde, que o Centro de Día, desde a administración Autonómica, se pediron á Corporación unha serie de actuacións, e as pediron para outubro do ano pasado, nos en outubro do ano pasado tiñamos todo, tiñamos efectivamente toda a conexión eléctrica, toda a acera accesible e peche perimetral totalmente novo, a alarma, cumprimos con creces, chegou outubro e por aquí non apareceu ninguén, de repente facemos unha chamada e en decembro nos piden a licenza de actividade, e nos concedemos a licenza de actividade, en xaneiro teñen todo listo para licitar, teñen a infraestrutura totalmente rematada, evidentemente si é certo que a amoblaron, eles amoblaron a infraestrutura e ademais xa teñen licenza de actividade, entón según me comentaron están preparando o prego de condicións, para sacalo a xestión indirecta, entón estamos en marzo, e o edificio está totalmente rematado, o que tivo que facer o Concello fixo, hai un pequeno problema que hai unhas placas solares movidas polo vento entón efectivamente teñen que vir a reparar as placas solares, porque fruto dun temporal creo que hai dúas que están descolocadas, o resto está perfecto.

O Sr. Rodríguez Doval, di que o principio de este mandato en concreto no Pleno do 30 de agosto de 2007 se aprobara unha proposta por unanimidade leu literalmente “O Concello de Ares acorda solicitar unha Auditoría externa por parte do Consello de Contas, das contas municipais dos anos 2005, 2006 e 2007 unha vez rendida e aprobado a Conta Xeral”, eu creo que en algún outro Pleno se volveu a falar deste, dunha maneira non sei si directa ou indirecta, pero a cuestión era saber se o final sabemos algo dese procedemento, si se vai a facer se o Consello de Contas ten moito traballo, si se pediu formalmente, ou como esta.



Resposta o Sr. Alcalde, manifestando que nos diron contestación dicindo que non a facian porque tiñan moito traballo.

O Sr. Rodríguez Doval, di que creo que aquí se falou, se non se falou aquí parece ser que é vox populi, e de feito na primeira fase das obras foi así, que se intentaría que dado o volume grandísimo de obra, eu penso que non se vai a executar unha obra de tanto diñeiro no noso Concello durante moitos anos, como é a obra da EDAR das canalizacións, o que se falaba era de posibilidade incluso da necesidade de que tamén tivera un efecto, para a xente de Ares que está no paro que poidese ter aínda que fora dunha maneira provisional ou temporalmente algún traballo, a miña pregunta é si en concreto na fase na que se está agora na obra civil do desmonte, si se sabe ou se o concello coñece se se está empregando man de obra de de xente de Ares ou non.

Resposta o Sr. Alcalde que si hai xente de Ares.

O SR. Manuel Cendán, di que aquí hai dous contratos asinados con Tribunalia polo tema do CIM e máis de levar casos, e hai dúas semanas entraba eu no Concello e había dúas avogadas despedíndose do persoal, que paso, se cambio de empresa.

Resposta o Sr. Alcalde que as avogadas se foron, aquí sigue Tribunaliao contrato o sigue tendo Tribunalia.

E non tento máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e dez minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,